

A RAZÓN DE ESTADO E OS DEZ MANDAMENTOS. O PROXECTO DE URBANO FEIJOO E AS SÚAS DERIVADAS NA EMIGRACIÓN GALEGA. CUBA, 1853-1856

Ascensión Cambrón

Universidade da Coruña
Xoves, 2 de xuño de 2022

1. Introducción

Ocupome por segunda vez do proxecto dos emigrantes galegos trasladados a Cuba por Urbano Feijoo Sotomayor¹. Concluína a primeira vez motivada pola intervención neste asunto do pensador Ramón da Sagra; e agora, por petición do Consello da Cultura Galega, que adquiriu novos documentos que me achegou coa invitación de retomar o asunto de novo. Con frecuencia, o tema foi tratado nos medios dunha maneira parcial, centrado nos infortunios e adversidades que padeceron o conxunto de traballadores galegos desprazados á colonia; e na responsabilidade do empresario, ao que se considera unha persoa egoísta que impulsou a operación motivado unicamente polo beneficio que esperaba obter. Con todo, o asunto é bastante más complexo. Na miña publicación anterior² describín o contexto cubano no que se inseriu o proxecto da empresa de Urbano Feijoo, os seus obxectivos e resultados. Estes últimos, analizados tras a súa extensa discussión nas Cortes de 1855, manifestan unha experiencia que resume de maneira inigualable Cornelius Castoriadis coa expresión «la razón de Estado es infinitamente más fuerte que la razón práctica y que los Diez Mandamientos». A reflexión do pensador greco-francés e ter a miña disposición máis información permítetenme agora proporcionar unha visión de conxunto más completa sobre o tema e inserir a experiencia da emigración galega nunha trama sociopolítica que permite concluír que, tanto antes como agora, cando hai que identificar responsables sempre lles toca perder aos de abaxo, aos traballadores.

Á información da que inicialmente dispoñía, engádese agora a documentación remitida desde os Estados Unidos polo doutor e profesor Tomás González del Valle. O seu exame permite coñecer os datos certificados na Habana entre 1856 e 1857 polos representantes da autoridade colonial e o apoderado do em-

¹ Para coñecer a vida deste personaxe, véxase Elisa Vázquez de Gey: «Urbano Feijoo Sotomayor e a “patriótica empresa de axuda a Cuba e salvación de Galicia”», *Álbum de Galicia*, Consello da Cultura Galega, 2022.

² Ascensión Cambrón: «Emigración gallega y esclavitud en Cuba (1854). Un problema de Estado», *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, 4, 2000, pp. 83-108.

presario, e completar o final da empresa de Urbano Feijoo Sotomayor e os seus correspondentes en Cuba e en Madrid.

2. Trama coa que se planea e autoriza o proxecto

Desde principios do século XIX, Cuba, colonia española, representaba para a Coroa e para os adiñeirados crioulos un potencial económico incalculable. E o sistema produtivo do azucré, a base da súa economía, era inseparable da necesidade de man de obra escrava. A partir dos anos corenta, o incremento da represión internacional sobre a trata de escravos alarmou tanto aos *sacarócratas* cubanos como aos representantes do Goberno peninsular. En Europa aumentaba a demanda de azucré e as riquezas dos seus explotadores, pero, ao mesmo tempo, o tráfico clandestino de negros incrementou o prezo destes traballadores e «en-negreceu» a poboación da colonia. A mediados de século, ambos os fenómenos —o binomio azucré-escravitude estimula a demanda crioula de independencia apoiada polos escravos— eran vistos como riscos polos empresarios e comerciantes españois na illa e polo Goberno peninsular. Desde esta constelación de intereses explícarse a iniciativa, comezada en 1853 polo entón capitán xeneral de Cuba, Valentín Cañedo —continuada polo seu sucesor Juan M. González de la Pezuela—, Urbano Feijoo, instalado na illa desde 1844, e o seu irmán Camilo, un rico facendeiro en Cuba.

O proxecto de introducir certo número de traballadores galegos na colonia xustificábbase discursivamente por dous obxectivos: por unha banda, «socorrer a los gallegos mediante un trabajo bien remunerado con el cual alimentar a sus familias y [por otra] contribuir en Cuba a satisfacer la demanda de mano de obra que exigía la economía de plantación»³.

En marzo de 1853, o capitán xeneral dirixíralle unha carta ao presidente do Consello de Ministros de Madrid na que daba conta das axudas recollidas na illa para socorrer ao pobo galego, que atravesaba unha das moitas crises de subsistencias que arrasaban o país. Suxería ademais ao Goberno peninsular a conveniencia que reportaría a Cuba e a España a organización dun proxecto para trasladar a un número determinado de traballadores de Galicia á illa. Trataríase de colocar a «pobres útiles que quieran utilizarlos en clase de colonos contratados, con lo cual, a la vez, se favorece a la población blanca de este país y su agricultura. [La medida] descarga[rá] aquella provincia de los menesterosos que hoy la afligen. Todo lo que pongo en conocimiento de V.E. a fin de que sirva elevarlo

³ Manuel Moreno Fraginals: *El ingenio. Complejo económico social cubano del azúcar*, A Habana, Ed. Ciencias Sociales, 1978.

al superior conocimiento de SM [...] para que considere y apruebe el proyecto [...], que en breve tendré el honor de elevar a las manos de SM»⁴.

Simultaneamente, o capitán xeneral dirixiu-se á Junta de Fomento da Habana⁵ para informar da proposta de Feijoo en idénticos termos⁶. A resposta de Madrid ao capitán xeneral demorouse e nela indicábase que se estudaría «el proyecto de trasladar gallegos a la isla», pero que non debería esquecer a solicitude xa en curso de «autorización de entrada en Cuba de diez mil asiáticos»⁷. Mentre tanto, e anticipándose á resposta do Goberno peninsular, Feijoo xa publicara un folleto na Habana coa súa proposta empresarial⁸.

Ao mesmo tempo, na Habana reuniu-se a Junta de Fomento para estudar o proxecto, cuxas conclusións trasladou Cañedo ao Goberno de Madrid: «Si bien esta institución lo ha discutido, no lo ha descartado, pero ha puesto algunos obstáculos, debido a que el empresario solicita de la corona la concesión un *privilegio*⁹ para su empresa, lo que dificulta su aprobación»¹⁰.

Pouco despois, a Junta de Población Blanca reuniu-se co mesmo obxecto e trasladoulle despois a Cañedo as súas conclusións, que reproduzo íntegras polo seu interese:

Exmo. Sr.: La comisión ha examinado la instancia en la que Urbano Feijoo Sotomayor pide la concesión de un privilegio exclusivo para introducir por quince años trabajadores peninsulares a la isla (especialmente de Galicia) y para ejercer este privilegio crea una compañía mercantil, bajo las bases que expresa en la solicitud. La comisión considera que, por más que tenga un propósito laudable, no la considera del todo realizable y, aunque lo fuere, encuentra en ella riesgos tan graves que no puede menos que indicarlos [...] y los somete al ilustrado juicio de S.E. Desde todo punto de vista conceptual (Real cédula de 21 de septiembre de 1817 sobre población blanca), la concesión de un privilegio es contraria al fin de la colonización y el de aumentar los braceros, es directamente contraria a ambas, como lo es toda empresa pública

⁴ «Sobre inmigración de colonos gallegos a la isla de Cuba», 1853-1860, Archivo Histórico Nacional (en diante AHN), Ultramar, 4649, Exp. 84, n.^o 11.

⁵ Órgano en que estaban representados facendeiros e comerciantes cubanos e o Goberno peninsular. A institución estableceu en 1840 unha denominada Junta de Población Blanca, encargada de estudar e estimular determinados proxectos dos comerciantes co obxecto de trasladar á colonia caribeña ciudadáns europeos e asiáticos para traballar nos enxeños e minorar deste xeito os efectos da prohibición da trata de escravos. As fórmulas xurídicas propostas para iso alternaron entre o réxime de *colonato* e/ou *contrata*.

⁶ «Sobre inmigración de colonos gallegos a la isla de Cuba», 1853-1860, AHN, Ultramar, 4649, Exp. 84, n.^o 11.

⁷ *Ibidem*.

⁸ Urbano Feijoo Sotomayor: *Isla de Cuba. Inmigración de trabajadores españoles*, A Habana, Imprenta J. M. Eleizegui, 1853.

⁹ Definido no Oitocentos pola RAE como unha «gracia o prerrogativa que concede el superior exceptuando o libertando a uno de alguna carga o gravamen o concediéndole alguna exención de que no gozan otros», Real Academia Española: *Diccionario de la Lengua Castellana*, París, Librería de Vicente Salvá, 1841.

¹⁰ Feijoo solicitou ao Goberno peninsular o proxecto da súa empresa a principios de marzo de 1853 e concedéuselle mediante unha R. O. o 3 de xuño de 1854. *Diario de Sesiones*, n.^o 182, 19 de xuño de 1854, p. 5833.

que envuelve la idea de monopolio exclusivo, como antes de ahora tiene reconocido el supremo Gobierno, aboliendo algunos que existían¹¹.

E proseguía nestes termos:

La libertad y la franqueza con que cada uno de los naturales de Galicia puede arribar a nuestro puerto en solicitud de trabajo, sin las trabas y compromisos al que el privilegio sujetaría a los inmigrados dejarían de existir, equivaliendo entonces a una prohibición. Esa libertad y franqueza solo tienen hoy el obstáculo de la falta de medios para verificar el transporte, pero la comisión al terminar su informe propondrá el arbitrio de la falta de medios con el que allanaría ese mismo óbice¹².

A Junta explicaba, ademais, as razóns da escasa viabilidade da operación:

No es del todo realizable el proyecto del Sr. Sotomayor, porque los proletarios de Galicia, que igualmente que obtienen recursos desplazándose a Castilla y demás provincias para conseguir trabajo, no cambiarán [...] sus antiguas migraciones por el viaje a un país lejano, por el clima mortífero para los europeos y la incertidumbre de la vuelta a su país. Mas aún, por la afflictiva situación que atraviesa su provincia no faltarán una centena o miles de hombres que abracen el proyecto, en su desesperación, del Sr. Sotomayor. La conveniencia que traería al colono de Galicia, al arribar a este punto de poder fijar con el hacendado o comerciante un salario que le convenga, siempre sería más subido que el que propone el Sr. Sotomayor. La ventaja de este supuesto no se le ocultará que le permitiría ahorrar y volver antes. A ello se añade, en consecuencia, de lo afirmado por Feijoo que «un gallego trabajará por dos negros», la incoherencia está clara pues a los colonos ofrece abonarles cinco pesos por mes¹³.

Da mesma maneira, analizaba algunas das consecuencias que derivarían da aprobación do proxecto:

La comisión además cree imposible que, mientras no se opere la separación entre el cultivo de la caña y el de su elaboración (aun lejana), no habrá hacendado alguno que se decida a introducir en sus ingenios cuadrillas de hombres sujetos a la sindicatura que quiere el Sr. Sotomayor, lo que acarrearía funestas consecuencias: cuadrillas que tanto difieren del africano y aun del chino; hombres a los que no se podría imponer castigo alguno sin la intervención judicial, ni obligar a trabajar en las altas horas del día, según expresa su memoria, cuya franquicia sobre los negros, aparte de los alimentos, invertirían el orden y la disciplina tan indispensable en las fincas¹⁴.

E, por último, indicaban unha solución:

Pero un inconveniente mayor de la cesión afecta a la moralidad que ocasionaría *la falta de mujeres* entre los colonos, que daría lugar a una mezcla con los negros, ocasionando celos, rivalidades que trascienden lo ya enunciado [...]. Esta celosa corporación, que desea auxiliar por todos los medios posibles a la provincia de Galicia, podrá salir fiadora del pago del pasaje a todos sus naturales que espontáneamente desean trasladarse a esta isla, debiendo abonarlo ellos al año después de su arribo; con cuyo fin si esta Real Junta así lo acordare, podría en Ga-

¹¹ «Sobre inmigración de colonos gallegos a la isla de Cuba», 1853-1860, AHN, Ultramar, 4649, Exp. 84, n.º 11.

¹² *Ibidem*.

¹³ *Ibidem*.

¹⁴ *Ibidem*.

licia hacer la oportuna publicidad, pero sin incitar a sus habitantes con promesas y menos aún mediante la promoción de la inmigración por privilegio¹⁵.

Ao meu parecer o informe apunta aos inconvenientes que se derivaban do proxecto empresarial do ourensán, así como aos moitos prexuízos para os traballadores emigrados, que xa denunciaron Ramón de la Sagra e Vicente Vázquez Queipo en 1845¹⁶.

A principios de xuño de 1853, Urbano Feijoo escribíalle ao gobernador Cañedo para que axilizase as xestións:

La *Comisión de Socorros con Galicia* de la que formo parte gracias a VE, allí donde usted concibió el filantrópico pensamiento [...] de abrir a los gallegos el camino para venir a esta isla a utilizar su trabajo [...]. Desde esta idea [...], siento con vehemencia el amor a mi patria, que nací gallego y en aquella provincia conservo mis primeras y más nobles aficiones, que debiendo a esta hermosa isla señalados provechos y una posición social, puedo decir que tengo principios en Galicia y aquí [en Cuba] el fomento de mi vida [...]. No he dejado de pensar en el medio de practicar el pensamiento de la emigración, para que sea de pronto éxito en mi país España-Cuba de progreso y salvación. Considero que, abandonado el proyecto a la acción lenta, aunque protectora y liberal de la Junta de Fomento [...], sin notable resultado para la oportunidad del concebido plan, que el proyecto se postergue. Aunque sea con intenciones patrióticas y benefactoras para la isla y para España¹⁷.

Só dous días despois, o gobernador volvía reunirse coa Junta de Fomento para tratar novamente o proxecto de inmigración. O presidente da entidade iniciou o encontro coa lectura dun prego en que reiteraba que o proxecto non era do todo realizable, en razón do privilexio e da duración excesiva da contrata, quince anos. Non obstante, a Junta expresou que o proxecto era «beneficioso para Cuba y útil al mismo tiempo para la agricultura y población cubana», polo que buscáriá a forma de mellorar as condicións propostas polo empresario. Nesta liña, rexeitaban a condición de privilexio e propoñían que o número de traballadores non excedería os seis mil, que a contrata sería individual e unicamente por catro anos, que o regreso dos colonos sería voluntario, tras os meses de aclimatación, e que o salario mínimo sería de cinco pesos ao mes. Finalizaba a súa exposición convidando a dialogar a Feijoo cos membros da Junta de Fomento para afinar as condicións que propoñía.

A finais de setembro de 1853, a Junta de Población Blanca convocou ao empresario, ao que censuraron solicitar millóns de pesos ao Goberno de España a través

¹⁵ Asinado na Habana por Gregorio Menéndez, o marqués de Almendrares, Carlos Benítez e Francisco Ojea o 18 de xullo de 1863. «Sobre inmigración de colonos gallegos a la isla de Cuba», 1853-1860, AHN, Ultramar, 4649, Exp. 84, n.º 11.

¹⁶ Ramón de la Sagra: *Estudios coloniales con aplicación a la isla de Cuba. I. De los efectos de la supresión en el tráfico negrero*, Madrid, Imp. de D. Hidalgo, 1845; V. Vázquez Queipo: *Informe fiscal sobre el fomento de la población blanca en la isla de Cuba y emancipación progresiva de la esclava...*, Madrid, Imp. de J. Martín Alegria, 1845.

¹⁷ «Sobre inmigración de colonos gallegos a la isla de Cuba», 1853-1860, AHN, Ultramar, 4649, Exp. 84, n.º 11.

da Junta de Fomento e reiteraron as súas críticas á situación de privilexio que propoñía para a empresa. Feijoo negou o primeiro extremo alegando que non era esa cantidade, senón corenta mil pesos que tiñan como finalidade responder a eventualidades, áinda que engadía que «no creo que mi plan sea perfecto». Alí reiteráronlle que a condición de «privilegio» para a súa empresa era imposible de asumir porque xa o intentaran antes outros empresarios —segundo a Real cédula do 21 de setembro de 1817 que trataba sobre a materia— e tamén que a súa intención respondía a un «ánimo de lucro».

A finais de novembro, reuniese de novo a Junta de Fomento, presidida por Cañedo, para despachar o informe sobre o proxecto do empresario. O seu presidente reiterou que a Junta de Población Blanca consideraba irrealizable a empresa, polo que a súa opinión era negativa. Non obstante, crían que existían razóns para matizar a súa resposta. O organismo, despois da detida discusión, resolveu que o proxecto resultaba conveniente para a agricultura e o fomento da poboación branca da illa. Con todo, insistían en que terían que respectar o número de seis mil colonos anuais. Ademais, recomendaban a Cañedo que informase ao Goberno central en favor do privilexio e que, unha vez aprobado, debía volver á Junta de Fomento co acordo do propio gobernador.

Valentín Cañedo convocou ao empresario para trasladarlle a proposta da Junta de Fomento, pero declinou asistir e respondeulle por escrito. Feijoo manifestoulle que non podía comprometerse cun número concreto de traballadores, xa que implicaba dispoñer en tres meses de instalacións adecuadas, con grave risco para os seus intereses. Engadía que o número de colonos dependería da oferta de man de obra existente en Galicia e da propia demanda dos facendeiros cubanos. Por iso, non se comprometía, salvo que a Junta de Fomento estivese obrigada «a indemnizar los perjuicios a la empresa, es decir, si garantizaba la colocación de todos los [trabajadores] que vengan». Respecto aos alimentos que lles proporcionaría aos colonos, este era un asunto regulamentario e que precisar más adiante. En todo caso, detallaba que pretendía alimentalos con «pan de trigo, rancho, carne, e ir variando durante tres meses» ata conseguir acostumalos «a comer plátanos y raíces» ou, polo menos, a non exceder o alimento equivalente ao que se lles proporcionaba aos escravos negros. Por último, incorporou no seu escrito dúas novas cuestións: a hipotética intervención directa dos facendeiros na alimentación dos traballadores e o nomeamento dos síndicos da empresa, sen ter ainda claro se serían nomeados polo Goberno da illa, ao que lle pediría a súa colaboración unha vez que tivese o informe favorable do exercicio do *privilegio*¹⁸.

¹⁸ *Ibidem*.

A últimos de outubro de 1853, o capitán xeneral da illa reuniu a Junta de Autoridades de Cuba, con asistencia do comandante xeneral da Mariña, o superintendente xeral de Facenda, o presidente da Audiencia Pretorial e o alcalde da Habana. A súa intención era trasladarles os dous puntos conflitivos do plan de Urbano Feijoo: a concesión do «privilexio» e a súa duración de 15 anos. Cañedo declaraba que «el privilegio [era] altamente provechoso para Cuba y Galicia», como expoñían os obxectivos reais —sociais, económicos e políticos— do proxecto que mantiña con Feijoo, mentres infravaloraba o «lucro moderado» ao que aspiraba o empresario:

El proyecto mira [en primer lugar] por la seguridad futura de Cuba, al mismo tiempo que el fomento de la agricultura y el comercio locales. Segundo, porque combinados esos objetivos y los reglamentos presentados, hacen conveniente la concesión del privilegio que solicita el empresario, en beneficio de los trabajadores peninsulares y el desarrollo de la riqueza agrícola aquí. El privilegio no solo no tendría inconveniente, sino que era preciso admitirlo como la base y el alma de la realización del proyecto, bien se atienda al número de años indispensable para su realización, o a la garantía que solo la exclusiva importación de trabajadores contratados puede ofrecer la mayor inversión de grandes capitales en los reclutamientos, construcción de cuarteles de aclimatación y otros gastos de administración, sin lo cual la empresa se vendría a tierra. Tercero, a este privilegio no se le puede llamar monopolio privado, sino más bien, una medida de alta administración, confiada a un particular o empresa comprometida con un lucro esencialmente moderado, pero sin derecho a mantener el negocio, ni a pedir indemnizaciones, el día que el Gobierno estime necesario cerrar. En cuarto lugar, si se dejara correr el tiempo [...], no haría más que confirmar su interés, pudiendo tal vez perjudicar a los mejores fines del gobierno para sustituir a los brazos negros con otros supletorios y a la política que muy prudentemente se reserva y la vocación de los peninsulares que pueden mejorar sus vidas, aumentar sus ahorros, trabajando en esta isla¹⁹.

Finalmente, o 30 de setembro de 1853, o gobernador comunicoulle ao presidente do Goberno central que «el acuerdo celebrado por la Junta de Autoridades Superiores de la isla ha considerado pertinente el proyecto de Urbano Feijoo Sotomayor, su conveniencia, [dado que] la necesidad de brazos en la isla es inmensa y el único medio para superar esa necesidad económica y política», polo que recomendaba unha «favorable acogida y resolución en beneficio de este país y del gobierno»²⁰. Dese modo, aprobouse a Compañía Patriótico-Mercantil en Cuba, aínda que o visto e prace de Madrid non se publicou ata maio do ano seguinte (R. O. do 2 de maio de 1854). O dato resulta significativo polo apoio expreso da autoridade colonial e do tácito do Goberno metropolitano, se se considera que chegaran á Habana a primeira (6/03/54) e a segunda (22/4/54) das expedicións e a terceira chegaría dúas semanas despois (24/05/54)²¹. Obviamente, as respon-

¹⁹ *Ibidem*.

²⁰ *Ibidem*.

²¹ Expedicións de Urbano Feijoo, Liquidacións das expedicións de traballadores galegos da Compañía Patriótico-Mercantil, feitas na Habana, do 15 de marzo de 1856 ao 28 de xuño de 1856.

sabilidades derivadas non podían ser só do empresario, senón tamén do Goberno de España.

Mientras tanto, Feijoo dirixírase ao ministro da Gobernación solicitándolle a concesión aos emigrantes de «pasaporte de pobres», é dicir, unha rebaixa na pasaxe marítima cara a Cuba e que, ademais, se expedise un pasaporte colectivo en caso de pertencer a un mesmo concello ou partido xudicial. Peticións que parece que foron atendidas por S. M. en R. O. do 2 de maio de 1854.

3. Receptación, traslado e subcontratación dos traballadores

Non obstante, antes de ser aprobado o seu proxecto, o empresario ourensán xa facía publicidade daquel en Galicia a primeiros de outubro de 1853 e abría as inscricións de traballadores dispostos a embarcar cara a Cuba.

Ese mesmo ano publicou na Habana unha memoria que contiña o proxecto para trasladar galegos a Cuba²². Discursivamente, o seu plan mantiña tres obxectivos: socorrer os «desgraciados gallegos», contribuír á agricultura na colonia e aumentar a poboación branca. O fundamento do proxecto, segundo as súas palabras, era: «el amor a ambos países, prometiendo a los emigrantes cuidados y atenciones para su salud [y] asegurando el regreso al hogar». Non precisaba aínda o número de traballadores, pero si figuraba que a empresa se xestionaría en réxime de privilexio durante 15 anos. Os contratos serían individuais, terían unha duración de cinco anos e contraeríanse «libremente entre los trabajadores y el empresario en escritura pública, bajo la inmediata vigilancia de las autoridades locales de ambos territorios».

Deste modo constituíuse a chamada Compañía Patriótico-Mercantil. No seu prego de condicións enumerábanse os seguintes capítulos:

En primeiro lugar, a responsabilidade do empresario:

Al cumplimiento de todos los artículos establecidos para poner en ejercicio el privilegio, queda responsable con su persona y bienes el consignatario del mismo; y él responderá ante el gobierno de las omisiones o abusos de la compañía que se forme mancomunadamente con esta, siempre que esta sea de las denominadas anónimas²³.

En segundo lugar, a natureza da sociedade:

Podrá formarse una compañía de las autorizadas por la ley, o una sociedad accidental según más bien agrade a SE, con el objeto de obtener todos los fines propuestos en la solicitud del privilegio de fecha 15 de julio de 1853. Su capital será de doscientos mil pesos por ahora, y el consignatario del privilegio queda obligado a presentar más capitales por sí, por parte de los

²² Urbano Feijoo Sotomayor: *Isla de Cuba. Inmigración de trabajadores españoles*, A Habana, Imprenta J. M. Eleizegui, 1853.

²³ *Ibidem*, pp. 19-24.

socios existentes o por medio de otros nuevos, cuando quiera que el curso de la operación lo exija así²⁴.

En apartados posteriores, Feijoo detallaba algún dos pormenores da nova sociedade que afectaban á súa responsabilidade civil, ás posibles subcontratacóns dos traballadores e aos gastos orixinados polo vestiario e a pasaxe:

3º. Todas las obligaciones que en el uso de este privilegio haga con los trabajadores el concessionario o la compañía que se forme entiéndese que no solamente le imponen la responsabilidad con el contratado, sino también para con el gobierno directamente.

4º. La compañía jamás hará segunda contrata con los hacendados: traspasará la primera estipulada con el trabajador, y a este solamente entregará el subcontratista el sueldo en aquel documento convenido.

5º. La compañía queda solidariamente sujeta al cumplimiento de las obligaciones que acepte el hacendado respecto al trabajador; y queda también obligada a vigilar porque el hombre de trabajo cumpla su compromiso. Con este objeto ejercerá, sin perdonar gastos, una sindicatura activa por medio de un funcionario que al efecto nombrará bajo la aprobación de S.E.

6º. La empresa pagará en España todos los gastos que antes del embarque haga el trabajador; le entregará al embarcarse un vestuario compuesto de tres camisas, pantalón y blusa de hilo, un par de zapatos fuertes y un sombrero de paja; pagará su pasaje, además, durante el presente y próximo año [y] procurará hacer algún anticipo por cuenta de su trabajo, con la mira de subvenir a la necesidad de sus familias en la calamidad presente²⁵.

A continuación facíase referencia ás condicións xerais dos emigrantes na illa, entre as que figurarían a asistencia médica, un período de adaptación ao clima cubano e o dereito a dispoñer dunha viaxe gratuíta de retorno:

7º. Al llegar a la isla, los inmigrados serán recibidos por la empresa en locales convenientes, preparados en el campo para la aclimatación. Tres meses serán tratados en estos depósitos con las precauciones y bajo el régimen que los facultativos prefijen. Todos los auxilios y asistencia médica son a cargo de la empresa; si alguna enfermedad se prolongase hasta seis meses, la empresa o el enfermo tendrán derecho a disponer el viaje de retorno por cuenta de aquella²⁶.

Nos tres puntos posteriores indicábase que a empresa dispoña de permisos para subcontratar os seus traballadores aos facendeiros cubanos, a empregalos noutros mesteres de non haber traballo dispoñible e a aboarlles por iso un salario mensual, para o que se establece ademais a súa contía:

8º. Concluido el tiempo de aclimatación, la empresa entregará al trabajador otro equipo completo y traspasará su contrata al hacendado, quien desde ese día pagará al primero el sueldo convenido. Si no hubiese colocación la empresa le abonará su mensualidad quedando a favor de aquella su trabajo.

9º. La empresa para prevenir la falta de trabajo podrá contratar por su cuenta operaciones de campo o crearlas nuevas.

²⁴ *Ibidem.*

²⁵ *Ibidem.*

²⁶ *Ibidem.*

10º. El sueldo del trabajador no podrá ser menos de cinco pesos por mes, ni el tiempo de su contrata podrá exceder de cinco años²⁷.

Os apartados que continúan detallan o vestuario, a alimentación, a regulación do tempo libre e as prestacións sanitarias:

11º. Los trabajadores serán tratados con cuidados por sus principales. Se les suministrará buenos y abundantes alimentos, se les darán en cada un año dos vestuarios completos. Tendrán consagrados los domingos, las noches desde las ocho hasta las cuatro de la mañana y tres horas durante el rigor del día; serán asistidos y curados en sus enfermedades por cuenta del contratista; si la enfermedad dura más de ocho días el enfermo no tiene acción a cobrar sueldo.

Mención especial merece a posible participación dos traballadores cos seus salarios no fondo de reserva da sociedade, algo que xa anticipa as súas escasas intencions de pago:

12º. La compañía queda obligada a recibir de mano de los trabajadores cualquiera cantidad que aquellos quieran dedicar a fondo de reserva. Se les abonará un interés de 6%. Queda fijado este rédito para el tiempo de tres años, cumplido el cual la empresa podrá variarlo o sostenerlo, visto que el crédito siga en la plaza de la Habana. Para variar las condiciones es necesario el beneplácito de S.E.

13º. La empresa tendrá constantemente a disposición del gobierno un censo de esta población móvil, fijando los puntos de residencia²⁸.

A seguir especifícanse algúns aspectos do financiamento, por parte da sociedade, do regreso dos traballadores a Galicia ao rematar a súa contratación:

14º. Cumplidos los cinco años de la contrata, la empresa queda obligada a trasladar a la Península por su cuenta y a su costa todos los inmigrados que deseen volver a su país, no pudiendo demorarles en esta más de dos meses, procurando evitar toda demora. Desde el día en que el trabajador se presente en los cuarteles de depósito que tenga la empresa, será de su cuenta mantenerle por todo el tiempo de su detención.

15º. Cuando por enfermizo u otra causa quiera el hacendado subcontratista renunciar a la obligación que tiene con el trabajador, la compañía está obligada a trasladar por su cuenta a España al emigrado, pero no queda obligada ni a proporcionarle otra colocación ni a emplearle de su cuenta.

16º. Un visitador nombrado al efecto por la compañía explorará en el último mes de contrata la voluntad de los inmigrados cumplidos, si quieren volver o no a la Península. El trabajador que se niegue al viaje tendrá un mes de término desde el día de aquella manifestación para arrepentirse y hacer saber a la compañía su contraria resolución. Pasado este plazo, la compañía queda libre de la obligación de trasladar a España al trabajador²⁹.

²⁷ *Ibidem.*

²⁸ *Ibidem.*

²⁹ *Ibidem.*

O artigo 17, con todo, resulta o máis importante para o empresario na medida en que nel se establece o custo de cada un dos traballadores galegos que se subcontratan aos facendeiros cubanos:

17º. La empresa, para sostener sus compromisos ante el Gobierno y hacer frente a todos los riesgos [...], exigirá de los hacendados que tomen inmigrados la suma de ciento diecinueve pesos por cada uno en una sola vez³⁰.

Finalmente, remata o apartado de condicións con algúns pormenores secundarios, entre outros a importancia que supoñen as axudas a Galicia e o seu ofrecemento ao Goberno da illa a que achegue suxestións para mellorallas:

18º. Para proporcionar auxilios a la población gallega en la angustiosa época que cruzamos, la Empresa procurará adquirir todo el material de equipo necesario a la industria de dicho país, siempre que su costo no presente una notable desventaja.

19º. La Empresa desde la obediencia que la corresponde se hallará además pronta a complacer a S. E. el Capitán general de la Isla, respecto al pormenor de sus operaciones, y a mejorar todo cuanto se le indique en favor de los intereses generales aquí comprendidos, siempre que sean compatibles con los de la Compañía que se forme³¹.

Se ben estas foron as estipulacións xerais do contrato rexistrado na Habana, Feijoo engadía en Galicia novas cláusulas restritivas mediante as que os traballadores eran obrigados a non rescindir o contrato co empresario, a dispoñer dunha cédula especial de identificación emitida pola autoridade de Cuba e a someterse a determinadas sancións correccionais con relación ás ordenanzas. O documento engadía unha anotación de obrigado cumprimento para cada un dos traballadores: «Yo [...] me conformo con el salario estipulado, aunque sé y me consta que es mucho mayor el que ganan los jornaleros libres de la isla de Cuba; porque esta diferencia la juzgo compensada con las otras ventajas que ha de proporcionarme mi patrono y con las que aparecen en este contrato»³².

Baixo estas condicións partiron de Galicia, entre marzo e setembro de 1854, oito expedicións con 1744 traballadores ata o porto da Habana³³. A chegada da primeira expedición resultou espectacular, con presenza das autoridades coloniais e con gran resonancia na prensa da Habana, que destacaba «la juventud y buena salud de los trabajadores»³⁴. Non obstante, os facendeiros cubanos non compartiron ese optimismo, en contraste coas autoridades coloniais presididas

³⁰ *Ibidem*.

³¹ *Ibidem*.

³² R. Mesa: *El colonialismo en la crisis del siglo XIX español*, Madrid, Edit. Ciencia Nueva, 1967, pp. 170-180.

³³ Liquidacións das expedicións de traballadores galegos da Compañía Patriótico-Mercantil, A Habana, 22 de xuño e 28 de xuño de 1856. Fondo Urbano Feijoo Sotomayor. Arquivo da Emigración Galega, Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.

³⁴ *Gaceta de la Habana*, 15 de marzo de 1854. Citado por N. Pedraza: «Esclavos gallegos en Cuba», *Revista de la Biblioteca José Martí*, XXII, 3, 1980, p. 121.

entón polo capitán xeneral da illa e o propio empresario. Pouco tempo despois, o capitán xeneral Cañedo foi substituído por Juan M. González de la Pezuela, que tamén sintonizou cos desexos do empresario³⁵. Con todo, despois do inicio do Bienio Progresista, a primeiros de setembro, substituíuno no cargo José Gutiérrez de la Concha, quen botou man no asunto ante as condicións en que se atopaban os traballadores galegos, o trato que recibían por parte do empresario e a belixerancia destes cara a Feijoo. De la Concha instou a ambas as partes a cumplir as súas obrigacións contractuais, pero pouco despois decretou medidas que o empresario non puido cumplir porque a compañía estaba xa na bancarrota.

Á chegada dos emigrantes á Habana, a empresa carecía de infraestruturas onde situar os traballadores, polo que os recluíu en barracóns sen condicións de habitabilidade e hixiene; lugares onde ficarían durante os meses de aclimatación. Por outra banda, a alimentación era escasa, de ínfima calidade e consistía en «batatas y tasajo», mentres que o período de aclimatación se limitaba ao tempo en que os facendeiros se interesaban en contratarlos. Os emigrantes comprenderon de inmediato a traxedia do seu destino, que non era outro que o de prover o mercado de man de obra barata en condicións insoportables: xornadas de 16 horas —un «trabajo de negros», dicíase— e cun salario moi inferior ao que cobraban os españois que traballaban en Cuba e, mesmo, ao que recibían os africanos libertos.

Algúns dos traballadores foron contratados por uns poucos facendeiros³⁶ e trasladados a enxeños e cafeais de Trinidad, Puerto Príncipe e Cienfuegos, mentres que outros foron colocados na construcción de obras públicas e na milicia. Quedaron sometidos a condicións extremas de traballo baixo un clima tropical e obrigados a convivir nas plantacións xunto ás familias de escravos, en condicións inaceptables, sen que nin capataces nin empresario atendesen as súas demandas. Moitos quedaron afectados polo cólera e outras epidemias que ocasionaron innumerables baixas e mesmo mortes. Por iso, é comprensible que moi pronto os traballadores manifestasen o seu descontento. A primeiros de agosto de 1854, moitos desertaron, outros morreron de cólera, de febre tifoide ou das malleiras recibidas³⁷. Ante a situación orixinada e por petición de Feijoo, a primeira autoridade da illa, o xeneral De la Pezuela, publicou un bando en que ins-

³⁵ A mediados de xullo e a instancia do empresario, Pezuela reprimiu aos traballadores galegos que desertaron dos cafeais e dos enxeños. «Cortes Constituyentes, 1854. Expediente relativo a la colonización gallega de la isla de Cuba», Archivo de las Cortes Españolas, atado 97, n.º 41.

³⁶ Entre eles figurán os nomes de J. Suárez Argudín, F. Irala, A. Beitia y Zayas, F. Maeztu e F. Mairte, e tamén exerceu de contratadora a Junta de Fomento da Habana Liquidacións das expedicións de traballadores galegos da Compañía Patriótico-Mercantil, A Habana, do 15 de marzo ao 28 de xuño de 1856. Fondo Urbano Feijoo Sotomayor. Arquivo da Emigración Galega, Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.

³⁷ M. Moreno Fraginals e J. M. Moreno Masó: *Guerra, migración y muerte*, Xixón, Ed. Júcar, 1993, p. 33.

taba aos fuxidos a entregarse e ao exército a perseguir «a los cimarrones gallegos». Moitos deles acabaron en hospitais e en prisións militares, mentres o empresario se apresuraba a recoller na Habana a subvención de «140.000 duros³⁸, ofrecida polo Estado e entregada pola Junta de Fomento, para desaparecer de inmediato de Cuba. De regreso á Península, presentouse ás eleccións das Cortes Xerais en representación da provincia de Ourense³⁹.

A principios de outubro de 1854, o novo capitán xeneral de Cuba, José Gutiérrez de la Concha, deu un xiro insospeitado ao problema da emigración e informou ao Goberno de España da gravidade «del asunto de los gallegos». Á vez, retiroulle ao empresario a contrata coa que ía construír dúas leguas do ferrocarril e ofreceu ocupación a uns cincocentos emigrantes na construcción de sinaladas obras públicas na capital cubana. O proceder do xeneral De la Concha na Habana evidenciaba a falta de recursos da empresa de Feijoo. Ao mesmo tempo, en Galicia era pública a situación dos emigrantes e as súas familias coñecían xa a penosa situación en que se atopaban⁴⁰.

Abundando na situación que sufrían os emigrados, en abril do 1855 chegou ás Cortes un escrito da Habana do antigo responsable da empresa, Ramón Fernández Armada, quen describía as condicións inhumanas que o empresario lles impuxera aos seus traballadores:

Los gallegos han sido arrancados de sus hogares, engañados con cautelosas y mentidas promesas y han venido a encontrar en Cuba la vergüenza, el engaño, la ignominia y la muerte. Hasta el presente han encontrado la muerte 500, por cálculo aproximado, a causa del hambre, malos tratos o abandono [...]. Toda su culpa fue pedir pan para no morir de hambre, y para reprimir este impulso los jefes les mandaron encerrar en fétidas instancias, cargados de grillos y cadenas, desnudos y descalzos, les alimentan con carnes descompuestas que los negros africanos rechazan. Les obligan a trabajar durante la aclimatación 15 horas diarias [...] por medio del palo, el azote y la espada. Esta situación les ha conducido a la desesperación y los que no huían, morían en los caminos, en las cárceles o en los hospitales. Escándalo, espanto, carnicería. La humanidad condena estos crímenes y a sus autores, pero en las sociedades constituidas no basta esta reprobación: hay leyes y hay gobierno⁴¹.

³⁸ *Diario de sesiones de las Cortes Constituyentes*, 27 de xuño de 1855, p. 6009.

³⁹ O seu nomeamento está incluído entre os deputados electos no *Diario de sesiones de las Cortes Constituyentes*, 15 de novembro de 1854, p. 44.

⁴⁰ «Exposición de varios interesados de los gallegos quejándose de la falta de cumplimiento de esta contrata por el empresario señor Feijoo Sotomayor», Madrid, 21 de maio de 1854, Archivo de las Cortes Españolas, atado 97, n.º 41.

⁴¹ «Sobre inmigración de colonos gallegos a la isla de Cuba», 1853-1860, AHN, Ultramar, 4649, Exp. 84, n.º 11.

4. Atribución de responsabilidades nas Cortes

A comezos de 1855, o asunto dos emigrantes chegara ao Parlamento español a instancia de Ramón de la Sagra e outros deputados galegos. Estes presentáronlle ao presidente do Goberno unha proposición para que achegase ás Cortes: «el expediente de contrata para trasladar gallegos a Cuba». Xustificaban a súa proposición para poñer «urgente remedio a los inhumanos abusos a que está dando lugar la empresa de colonización de pobladores gallegos en la isla de Cuba». Por isto, suplicaban ao Goberno poder examinar «el expediente de la contrata, conforme al cual se están haciendo dichas introducciones»⁴².

A iniciativa deu lugar, a primeiros de febreiro, á creación dunha comisión formada polos deputados Pedro Bayarri, José Arias Uría, Juan Bautista Alonso, Daniel Carballo e José Ordax Avecilla co obxecto de «resolver los problemas de los inmigrados». Porén, o presidente das Cortes, López Infante, previña a estes deputados de que a solución ao problema non podía «ir contra la empresa ni contra el gobierno» Tratábase, así pois, dunha indicación precisa que condicionaría a discusión parlamentaria e, naturalmente, a solución que se daría ao conflito, como veremos enseguida. A actividade da comisión resultou traballosa e non concluíu ata xuño, tras uns catro meses. Con todo, as deliberacións dos parlamentarios que interviñeron resultan de sumo interese para coñecer as interioridades da empresa de Feijoo, cuxos verdadeiros obxectivos saíron á luz⁴³.

O expediente que remitiu o Goberno ao Congreso ía acompañado dunha denuncia interposta por parte dun letrado en nome dos familiares dos emigrados, onde se incluían as mencionadas cartas chegadas de Cuba⁴⁴, remitidas ao Congreso co aval do deputado galego Tomás Acha Álvarez⁴⁵. Nelas os emigrantes denunciaban as inhumanas condicións de traballo ás que estaban sometidos, a duración da xornada laboral, a falta de alimentación adecuada, a penosa atención médica e relixiosa e os castigos físicos que lles impoñían. Manifestaban que «eran tratados peor que los esclavos, vendidos como ellos al que quiera comprar su trabajo». Concluían, por último, sinalando a un empresario que «ha ultrajado a la humanidad y a la naturaleza reorganizando la esclavitud» e «en bancarrota de recursos y de crédito». Os traballadores solicitaban ás Cortes unha indemnización por danos e perdidas, que se lle instruíse causa criminal ao empresario, que

⁴² «Cortes Constituyentes, 1854. Expediente relativo a la colonización gallega de la isla de Cuba», Archivo de las Cortes Españolas, atado 97, n.º 41.

⁴³ Ascensión Cambrón: «Emigración gallega y esclavitud en Cuba (1854). Un problema de Estado», *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, 4, 2000, pp. 83-108.

⁴⁴ Os denunciantes indicaban que, se as autoridades necesitasen maior información, poderían solicitárllela aos xerentes da empresa en Cuba, Vicente Rivadeneira, Manuel Goyán e Benito Bujía, aos capitáns das cuadrillas e ao médico Camilo Vázquez Rodríguez.

⁴⁵ *Diario de sesiones de las Cortes Constituyentes*, 27 de xuño de 1855, n.º 189, p. 6059.

os auxiliassen «como a pobres» ante a xustiza e que os destinasen ás armas polo tempo que determinase o Goberno.

Os deputados José Ordax Avecilla e Juan Bautista Alonso, como minoría da Comisión, presentaron un informe alternativo que, se ben non foi a proposta adoptada polas Cortes senón máis ben un «voto particular», motivou intensas discusións no pleno. Nelas, os deputados demócratas sostiñan sorprendentemente que o proxecto da Compañía Patriótico-Mercantil era «favorable por su origen, plan y condiciones». Na súa argumentación sinalaban que a idea de arrincar a milleiros de vítimas da fame e da peste que castigaba a Galicia en 1853 resultaba unha idea xenerosa e profundamente humanitaria, que recollía, ademais, o sobrante desa poboación e aumentaba a escaseza de brancos en Cuba. Contribuía, ademais, a reducir o salario na colonia, preparaba a substitución do escravo polo traballador libre, abría un camiño seguro á extinción da escravitude e acrecentaba a presenza española nunha posesión tan cobizada polos estranxeiros. E conclúan: «Todo ello es no solo un pensamiento patriótico, sino trascendental y regenerador de la isla de Cuba». Do conxunto das condicións contratuais que tutelaran o traslado dos emigrantes, tan só recoñeceron que era cuestionable o «salario de cinco pesos», mentres que consideraron que «la comparación [de la paga de un emigrante] con la de un negro no tiene sentido, sino que hay que compararlo con los jornales del trabajador en Galicia». Nestes termos, declararon, así, que o proxecto era «equitativo». E finalizaron o seu informe con tres considerandos e unha proposta:

Deseando conciliar los aspectos de la justicia con los de la alta política, bien entendida; considerando que la empresa de Urbano Feijoo Sotomayor se constituyó con miras a la utilidad pública en nada opuesta a las de particular interés; considerando que la inteligencia y los efectos de los contratos particulares entre el empresario y los inmigrados no son del resorte de las cortes constituyentes, sino del poder judicial; considerando que una tentativa de tanta trascendencia, superior a la fuerza de una empresa privada, entra en el círculo del sistema colonial, encomendado al gobierno de S.M. y puede y debe, con el tiempo óptimo, dar sus frutos, tiene el deber de proponer a las Cortes: 1º. Que se sirva declarar *bueno en su fondo y digno de estudio* el proyecto de exportación periódica de españoles a Cuba, al modo que lo ha hecho el Sr. Feijoo; 2º. Que el empresario e importados acudan, si lo creen conveniente, con sus quejas y acciones a los tribunales de justicia, consignados en las Ordenanzas de inmigración (R. O. de 22 de marzo, de 1854). 3º. Que el gobierno de S.M. disponga lo conveniente para que el Capitán General, la Junta de Comercio y demás autoridades de Cuba, procuren: a) utilizar los fondos destinados a la población blanca; b) sacar enseñanzas del ensayo del Sr. Feijoo; c) ampliar la adquisición por traspaso, tan sabia y útilmente ensayada, sobre la base de los 500 trabajadores, a todos los que voluntariamente quieran desprenderse de la empresa. Firmado, en Palacio de las Cortes, 20 de junio de 1855⁴⁶.

⁴⁶ *Diario de sesiones de las Cortes Constituyentes*, 1855, n.º 182, apéndice terceiro, pp. 5833-34.

Polo demais, os deputados relatores atribuíron o fracaso do proxecto de Feijoo unicamente a desaxustes puntuais e á intervención de José de la Concha. O maltrato que recibiron os emigrantes por parte do empresario resultaba ser un asunto de pequena importancia que, en todo caso, se podía resolver nos tribunais. En resumo, o plan do empresario pareceulle «un colosal y equitativo progreso».

O informe oficial, presentado por Arias Uría en representación da maioría da Comisión (Pedro Bayarri, José Arias e Daniel Carballo), aprobase con modificacións leves despois de prolongadas reflexións no pleno das Cortes. Os seus relatores interpretaron o experimento empresarial con presupostos diferentes e propuxeron unha solución tamén diversa. Os tres deputados aclararon que a súa tarefa consistía só en «juzgar la equidad y la conveniencia del proyecto», ou seja, xulgalo desde unha exclusiva perspectiva formal, como lles pedira o presidente das Cortes.

Dese modo, iniciaron a súa análise manifestando que o proxecto:

contenía una idea filantrópica, pero el entusiasmo de sus autores no fue el mejor consejero de la empresa de colonización, como han confirmado los hechos. Pero Urbano Feijoo Sotomayor persistió en su ilusorio cálculo y el [presidente del gobierno] conde San Luis hubo de participar un tanto de las opiniones del empresario, cuando en marzo de 1854, publicó un reglamento al que debieron atenerse todos los colonos que se fueran a establecer en las provincias de ultramar y eximió al señor Feijoo de algunas formalidades que se exigen a todos los que se hallan en su caso. Eximirlo de esas trabas supone un privilegio. Además, el proyecto de sustitución de mano de obra esclava no halló buena acogida en la isla y los inmigrantes gallegos no fueron solicitados, por lo que el señor Feijoo tuvo que retener en su poder la mayor parte y el Estado hubo de hacer grandes sacrificios para acudir en su ocupación. Esto dio un funesto resultado, hijo de la precipitación con que procedió al negocio y más funesto que para la empresa y para el Estado lo fue para los infelices gallegos. Estos, que huyendo del hambre y en tierras extrañas y climas no favorables fueron diezmados por la epidemia y por las contingencias del viaje y aclimatación [...], y pronto hubieron de echar a faltar sus formas de vida miserable anterior⁴⁷.

Os deputados da maioría consideraron que o proxecto non resultaba conveniente nin equitativo e engadían que o importante agora era «dar solución al negocio que redunde en beneficio de los inmigrados y no sea dañoso para el empresario». Por unha banda, trataban de evitar danar os intereses de «unos infelices que por serlo y por ser españoles desgraciados merecen toda nuestra consideración y simpatía» e, pola outra, os de «una empresa que contrata bajo la salvaguarda del Gobierno imprevisor, que quizás no sea el que tenga menos responsabilidad en lo ocurrido». Por todo iso, a Comisión aclara a súa proposta, que articula formalmente da seguinte maneira:

⁴⁷ *Ibidem*, apéndice primeiro, p. 5787.

Considerando que no es dable consentir que continúe por más tiempo y contra voluntad una obligación viciosa en su origen y funesta en sus resultados; considerando que el contrato no se puede decir celebrado con el debido conocimiento por parte del obrero, que ignoraba las condiciones accidentales del país al que se le conducía; considerando que no había toda la libertad necesaria en uno de los contratantes, puesto que una fuerza mayor, la miseria, le obligaba a abandonar sus hogares; considerando por último que las estipulaciones del convenio a que se sujetara deprimen la dignidad del hombre y más aún la dignidad de la raza española en la isla de Cuba⁴⁸.

En consecuencia,

la mayoría de la comisión, celosa de que esto no suceda y queriendo que se respeten los derechos del hombre y del ciudadano, opinan que las cortes se hallan en el caso de resolver: 1º. Que se declare la libertad del inmigrado a continuar o no, bajo las condiciones de la contrata celebrada con el señor Feijoo, la cual será rescindida a su elección; 2º. Que el que opte por su libertad absoluta esté obligado a liquidar por el tiempo que hubiere servido, quedando responsable a abonar los gastos precisos de traslación y aclimatación en la isla; 3º. Que a fin de evitar dilaciones y pleitos que no consiente la naturaleza del negocio, todas las cuestiones entre la empresa y los colonos se dejarán en manos de árbitros, quienes bajo la presidencia de la autoridad, resolverán de plano todas las dificultades; 4º. Que los obreros que libres de toda sujeción deseen permanecer en la isla, queden bajo la protección del Gobierno de S.M.⁴⁹.

Á vista da análise e a proposta realizada pola maioría da comisión, podemos sintetizar a súa posición nos seguintes parámetros: por unha parte, rexeitaren o trato dispensado aos «ciudadanos españoles» e responsabilizaron de avaricia ao empresario e de pouco previsor ao Goberno; por outra parte, pretenderon atopar unha solución ecléctica ao conflito sen considerar os fundamentos do problema.

O informe incriminaba directamente o Goberno da illa de non ser «riguroso al considerar el proyecto», xa que prescindira de determinadas formalidades, necesarias en casos similares. Por ese desinterese, «el proyecto constituía un privilegio que hizo [a] la empresa defectuosa desde el principio», unha circunstancia que condicionara os seus resultados. Non obstante, o informe conveu en afirmar que a empresa resultaba conveniente e equitativa na convivencia da colonia, polo que concluía que era «buena y patriótica en su principio, equitativa en sus condiciones y digna de serio estudio y de ensayo para el porvenir». Porén, ao longo dunha prolongada discusión no seo da comisión abordáronse outros puntos significativos, como o da dignidade humana vulnerada ou o da torpeza do gobernador Cañedo que, ao conceder o «privilegio a la empresa», evidenciara a «responsabilidad de la autoridad colonial». De maneira especial, a comisión ocupouse da natureza do contrato, porque da súa cualificación dependía a solución proposta que seguir cos emigrados e a atribución de responsabilidades.

⁴⁸ *Ibidem*, p. 5788.

⁴⁹ Palacio das Cortes, 18 de xuño de 1855. Asínano Pedro Bayarri, José Arias Uría e Daniel Carballo. *Ibidem*, p. 5788.

Neste sentido, a comisión sinalou que se declararía «la libertad del inmigrado a continuar o no, bajo las condiciones de la contrata celebrada con el señor Feijoo», que podería ser «rescindida a su elección».

Ademais, a comisión consideraba que a falta de información e de vontade dos contratantes facía nulo o contrato entre o traballador e o empresario. Se así o declaraban, os emigrados terían dereito a reclamar unha indemnización e, na medida en que a autoridade colonial o garantira, correspondería á empresa aboar as compensacións correspondentes. Pero, ao tempo, sostiña que o propio empresario podería reclamar tamén os gastos empregados cos traballadores. Neste punto o presidente da comisión manifestouse claramente:

Esta Comisión, al redactar el dictamen en los términos que aparece [...], no ha hecho más que caminar de acuerdo con el gobierno de SM, que desde el principio le manifestó que una de las cosas en que el gobierno tenía particular empeño por la situación apurada del Tesoro, la no muy desahogada de nuestras colonias, donde tampoco sobra el numerario [...], era en que evitásemos toda clase de indemnización que comprometiera al Tesoro. Para la comisión fue motivo de grave estudio, si rescindiendo el contrato tendría que indemnizar los perjuicios que podría ocasionar esta rescisión y esta fue la razón por que declaró la libertad de los inmigrados para decir si querían, o no seguir en la empresa⁵⁰.

As Cortes aprobaron finalmente o informe definitivo o 28 de xuño de 1855. Puxeron así un provisional punto final ao problema dos galegos emigrados en Cuba. Escribo ‘provisional’ porque, como veremos a continuación, se iniciaron as liquidacións dos traballadores que aínda permanecían en Cuba a partir desta declaración:

Considerando que no es dable consentir que continúe por más tiempo y contra obligación, una voluntad viciosa en su origen y funesta en sus resultados; considerando que el contrato no se puede decir celebrado con el debido conocimiento por parte del obrero que ignoraba las condiciones accidentales del país al que se lo conducía; considerando que no había toda la libertad necesaria en uno de los contratantes, puesto que una fuerza mayor, la miseria, le obligaba a abandonar su hogar; considerando que las estipulaciones del convenio a que se sujetara deprimen la dignidad del hombre y más aún la dignidad de la raza española en la isla de Cuba, la mayoría de la comisión, celosa de que esto no suceda y queriendo que se respeten los derechos del hombre y del ciudadano, opinan que las cortes se hallan en el caso de resolver:
1º. Que se declare la libertad del inmigrado a continuar o no bajo las condiciones del contrato con el Sr. Feijoo, la cual será rescindida a su elección; 2º. Que el que opte por su libertad absoluta esté obligado a liquidar por el tiempo que hubiere servido, quedando responsable a abonar los gastos de trasladación y aclimatación en la isla; 3º. Que a fin de evitar dilaciones y pleitos que no consiente la naturaleza del negocio, todas las cuestiones entre la empresa y los colonos se fiarán en manos de árbitros, quienes bajo la presidencia de la autoridad, resolverán de plano todas las dificultades; 4º. Que los obreros que libres de toda sujeción deseen permanecer en la isla, queden bajo la protección del Gobierno de S.M. Palacio de las Cortes, 18 de junio de 1855. Firman P. Bayarri, J. Arias Uría, Daniel Carballo⁵¹.

⁵⁰ *Diario de sesiones de las Cortes Constituyentes*, 19 de xuño de 1855, n.º 182, apéndice 1, pp. 5787 e ss.
⁵¹ *Ibidem*, pp. 5787-88.

Unha vez presentados ao pleno o ditame sobre a inmigración galega da mayoría (Arias Uría, Bayarri e Carballo) e o informe da minoría (Ordax e Alonso), pasouse á súa discusión. O presidente das Cortes, López Infante, deulle a palabra ao deputado Arias Uría en representación do grupo, quen comezou expoñendo os antecedentes do proxecto, o seu obxecto e os seus promotores, así como a situación pola que atravesaba Galicia en 1853. Segundo Arias, Feijoo urdira o proxecto de Compañía Patriótico-Mercantil para remediar as necesidades da poboación galega e as da illa de Cuba a instancia das autoridades coloniais. Vistas as súas consecuencias, a maioría da comisión concluíu que «la empresa no era ni conveniente ni equitativa». Na súa intervención expresaba que o proxecto de empresa mantiña un compoñente esencial e de natureza política relativo ao proceso de colonización en Cuba. Desa confluencia xurdía a apostila dos gobernadores, Cañedo e Pezuela, primeiro, e Gutiérrez de la Concha despois de implicarse no proxecto. Era unha idea que, ademais, fora ben considerada polo Goberno do conde de San Luis na Península e na actualidade polo do xeneral Espartero.

A discusión resultou moi extensa, pero centrareime en dous conceptos clarificadores do asunto: o *privilegio* concedido pola Coroa ao empresario para importar colonos españoles a Cuba de maneira exclusiva durante 15 anos e a natureza e o alcance do *contrato*. Nas Cortes interveu, en primeiro lugar, o deputado Arias Uría en nome da mayoría e, posteriormente, Ordax Avecilla en nome da minoría. Arias comezou o seu parlamento cunha descripción rigorosa do proxecto e das súas consecuencias —explotación dos traballadores, abandono e maltrato—, polo que conclúe que o proxecto non era «conveniente» nin «equitativo». Non obstante, se a solución non podía censurar ao empresario, nin ao Goberno, nin culpar aos inmigrantes, os deputados quedarían obrigados a proponer unha solución: «rescindir la contrata y dejar al inmigrante que decida a su voluntad». Na súa proposta, a atribución de responsabilidades evapórase ao non precisar nin a do empresario nin a da autoridade, o que sucedía porque o tratamento do asunto nas Cortes non se encamiñaba a buscar unha solución material para os inmigrantes, senón só a achegar unha saída que parecese imparcial.

Á intervención de Arias seguiu a do representante da minoría na comisión, a do deputado Ordax, cun sentido oposto á anterior e que o conduciu a xustificar por completo o fin e os medios da Compañía Patriótico-Mercantil. Ordax consideraba, primeiramente, que fora *conveniente* e *justa* porque pretendía fomentar a poboación branca na illa, medida que á vez favorecía a liquidación da escravitude e contribuía a rebaixar os salarios xerais, que na illa estaban moi crecidos. Subscribía tamén a operación porque a entrada de man de obra branca constituía unha hipotética reserva militar que podería contribuír, chegado o caso, á defensa da illa, que el cualificaba como «los intereses de la madre patria». Pero tamén consideraba o proxecto *justo* porque «evitaba que los colonos murieran

en Galicia» e non resultaba imposible a súa adaptación ao clima de Cuba. Respecto ao argumento da maioría de que «emigren sin mujeres», non o consideraba relevante porque «a los cinco años regresan a su tierra» e, en canto á legalidade dos seus contratos, entende que «los gallegos son inhumanidad ridícula», que contrataron libremente co empresario e, de existir problemas, poderían recorrer aos tribunais. A lectura da súa intervención leva a concluir que Ordax Avecilla non era máis que a voz do empresario, con argumentos que son plenamente coincidentes, ainda que o discurso do deputado demócrata resultaba menos patrioteiro e demagóxico. A proposta da minoría limitábase a recomendarles aos agraviados polo empresario que presentasen un recurso aos tribunais e, aos que non se considerasen agraviados, que acudisen ao capitán xeneral da illa para que os contratase nas obras públicas.

Presentadas así as dúas propostas, o presidente das Cortes abriu unha quenda de intervencións, que resultaron moi prolixas pero que, para efectos de maior comprensión, se poden agrupar ao redor dos dous temas anteriores: a concepción do *privilegio* concedido polo Goberno da S. M. e a *natureza do contrato*. O privilexio real, concedido ao empresario para introducir españois na illa de Cuba durante 15 anos, considerábase un desatino oposto á Real cédula do 21 de setembro de 1817, xustificaba a negativa dos facendeiros de contratar únicamente emigrantes da empresa de Feijoo e aceptalo sería admitir a dependencia das súas actividades agrícolas respecto a ese hipotético continxente. Ademais, o privilexio aumentaría en conxunto o poder colonial e, en particular, os recursos económicos públicos trasladados ao empresario. O privilexio fora dispensado polo capitán xeneral da illa, Valentín Cañedo —do que se mofaba o deputado Bayarri ao sostener que cando o aprobou «debía estar alucinado»⁵²—, respectado polo seu substituto De la Pezuela e tolerado polo entón capitán xeneral De la Concha. Con todo, o portavoz da minoría, Ordax, interpretaba que a concesión do privilexio significaba que a empresa se orientara cara a satisfacer as necesidades da política colonial nun momento grave para a agricultura cubana, que soportaba a escaseza de man de obra pola morte de miles de escravos por mor do cólera, polo que a concesión real resultaba satisfactoria.

A discusión sobre a *natureza do contrato* centrouse na determinación das súas consecuencias. O portavoz da maioría, Arias Uría, considerábaoo deficiente porque trasladara aos colonos enganados respecto ás condicións de vida e de traballo que existían na illa, polo baixo salario que se lles asigna aos traballadores —cando o salario dos canarios que foran trasladados á illa oscilaba entre os 20 e os 30 pesos por semana—, e porque no contrato se introduciu unha cláusula que os obrigaba a someterse a castigos físicos e correccións que na Península estaban

⁵² *Diario de sesiones de las Cortes Constituyentes*, 27 de xuño de 1855, n.º 189, p. 6023.

prohibidos mesmo no exército e que ali toleraba a autoridade colonial. O responsável incuestionable do despropósito fora o empresario, a quen o deputado Manuel González de la Concha, irmán do gobernante mencionado, denunciara deste xeito na cámara:

El Sr. Feijoo después de haber recibido los 140.000 pesos de los fondos del Estado, que el capitán general obligó a la Junta de Fomento a entregarle [...]. ¿Qué hizo el Sr. Feijoo después de tomar esa cantidad? ¿Qué hizo después de quedar con la comisión de esa Junta, a la que había de presentar una fianza? Quedó citado para el día siguiente y no se presentó y la Comisión recibió la noticia de que este Sr. Feijoo había desaparecido en un vapor que volvía a España.

Ademais, o deputado engadía que, se a autoridade colonial informase con anterioridade ao Goberno sobre este comportamento, era posible que Feijoo Sotomayor non estivese naqueles momentos na cámara, senón procesado nos tribunais⁵³.

Tras as intervencións dos deputados López Infante, Arias Uría, P. Bayarri e J. B. Alonso, o presidente das Cortes someteu a votación o ditame da maioría e o informe da minoría. O resultado foi o seguinte: a favor do ditame, 128 votos, e a favor do informe, só 2 votos⁵⁴.

Atendendo únicamente á proposta das Cortes sobre o problema da emigración galega durante a primeira metade do século XIX, este relato quedaría incompleto se tivese a tentación de concluír que as medidas propostas bastarían para facer xustiza cos traballadores galegos. Con todo, sería unha conclusión errónea porque unha vez disolta a compañía, o comportamento de Urbano Feijoo e o do gobernador da illa non fixeron en absoluto xustiza aos afectados.

Para poder avaliar o desenlace desta historia, dispoñemos na actualidade dunha documentación valiosa e inédita ata agora⁵⁵, cuxa información nos permite avaliar o final do proxecto. Segundo estes documentos, entre setembro de 1855 e xuño de 1856 realizáronse os balances para a liquidación de todos os traballadores. Neles consta que faleceran 222 emigrantes. Aos 1488 residentes restantes fixéronselles as liquidacións polo tempo servido e en consonancia cos criterios proporcionados pola declaración das Cortes no seu artigo segundo, nas que se lles descontou o diñeiro que recibiron antes de partir, pero tamén o gasto da pasaxe para Cuba, o tempo de aclimatación, a procura dos desertores, os tratamentos sanitarios recibidos e as estancias nos depósitos de retidos. Mediante un cál-

⁵³ *Ibidem*, p. 6029.

⁵⁴ *Ibidem*, p. 6031.

⁵⁵ Documentación doada polo doutor Tomás González del Valle, catedrático de Literatura Española e Hispanoamericana da Universidade de Temple (Filadelfia, Pensilvania). Son 14 documentos que suman 92 páxinas sobre «La controvertida contratación de emigrantes gallegos». Fondo Urbano Feijoo Sotomayor. Arquivo da Emigración Galega, Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.

culo sinxelo, podemos concluír que os 1488 emigrantes sobreviventes recibiron unicamente polos tres anos de estancia na illa unha media de 4 pesos e medio — cando os emigrantes canarios chegados anteriormente cobraban entre 20 e 30 pesos semanais—, o que permite deducir o escaso rendemento obtido polos traballadores emigrados, cun gran custo físico e psicolóxico, fronte ao desamparo do empresario e da autoridade pública colonial.

5. Conclusións

Chegados a este punto do relato, pódese avanzar que o proxecto de Urbano Feijoo se integraba plenamente no modelo político e económico que as autoridades españolas aplicaban na colonia e que en 1853 se viu favorecido pola situación de crise de subsistencias que atravesaba Galicia. O empresario ourensán aproveitou a crise para aumentar o seu patrimonio, un interese que se xustapuña plenamente coa autoridade colonial de aumentar a poboación branca en Cuba. O proxecto era ambicioso e en réxime de monopolio concedido pola autoridade para introducir traballadores —áinda que sobre o papel sexan cualificados de *colonos*— durante quince anos.

Ademais de asignarlle o monopolio, a autoridade obrigábase a colaborar coa empresa nos seus gastos, o que non involucraba elementos de xenerosidade, senón que prevía utilizar a man de obra para fins militares fronte aos intentos independentistas dos crioulos cubanos. Esta era a idea que subxacía á empresa e que apoiaron os capitáns xenerais Vicente Cañedo e José Manuel González de la Pezuela. Non obstante, o experimento non resultou como esperaban os seus promotores nin os seus traballadores. Especialmente para estes últimos, que foron levados á colonia enganados para realizar un traballo similar ao que facían os escravos en Cuba, compartir as súas pautas de vida e ser utilizados como carne de canón, e para aumentar a súa magra poboación branca. Á súa chegada os emigrantes puideron comprobar ademais que foran enganados en canto ás condicións do contrato, que lles esixía obediencia absoluta ao patrón e mesmo a aceptación de castigos físicos. Todas elas eran condicións abolidas pola legislación na Península e, porén, aceptadas pola autoridade cubana. Cando o empresario o considerou necesario, acudiu á autoridade contra a *insubordinación* dos seus traballadores. Esta actitude permisiva da autoridade colonial mantívose durante os mandatos de Cañedo, De la Pezuela e De la Concha. Por iso, as autoridades asumiron neste experimento a mesma responsabilidade que o Goberno da S. M. e o propio empresario. E así quedou expresado no seu tratamento nas Cortes. No debate, e salvo os deputados Ordax e Alonso, a maioría coincidiu en atribuír toda a responsabilidade ao empresario e ás autoridades coloniais. Todos recoñeceron que os traballadores foran enganados por Feijoo coa conivencia das

autoridades coloniais. Da mesma maneira, os deputados concluíron que o contrato tería que considerarse nulo, pero propuxeron únicamente a súa *rescisión*, para evitar así as consecuentes indemnizacións que haberían de proporcionar aos traballadores. O ditame das Cortes propuxo unha solución para salvagardar os intereses do Estado na colonia e os do propio empresario. Aos emigrantes concedéulle unicamente a mediación co empresario e cos delegados do Goberno colonial, pero nin sequera se lles recoñeceu a posibilidade de recorrer aos tribunais de xustiza. Resulta penoso considerar os resultados das liquidacións que hipoteticamente debían recibir os traballadores na illa en 1856, tras unha estancia de tres anos fóra da súa terra. O relato remata confirmando unha vez máis a expresión de Castoriadis de que a razón práctica é máis forte que a razón de Estado e que os Dez Mandamentos, entendidos estes como os dereitos naturais na época.